



BANDO MUNICIPAL

Dona Marián Ferreiro Díaz, como alcaldesa-presidenta do Concello de Narón, fai saber:

Que ante o último aviso de alerta emitido pola Dirección Xeral de Emerxencia e Interior sobre a concatenación de varios episodios meteorolóxicos adversos que se manteñen no tempo, e tras a xuntanza mantida pola Alcaldía do Concello de Narón e o concelleiro delegado de Seguridade Cidadá cos responsables da Policía Local, SPEIS e área de Servizos, **acórdase aplicar unha serie de medidas dende as 23.00 horas de hoxe venres 3 de novembro ata mañá sábado ás 23.59 horas:**

- A continuidade no peche das instalacións deportivas municipais ao aire libre.
- A suspensión de todas as actividades ao aire libre, en recintos pechados, instalacións deportivas, locais sociais, Pazo da Cultura, Auditorio municipal...
- O peche das zonas públicas, parques, zona do paseo marítimo.
- No que se refire ás instalacións temporais, que o titular da preceptiva autorización municipal deberá adoptar cantas medidas de seguridade sexan necesarias para evitar accidentes.

Así mesmo, establécense as seguintes recomendacións para o citado período:

- Evitar as actividades no exterior, prioritariamente en zonas de titularidade municipal, parques, xardíns, xogos, etc.
- Evitar desprazamentos e, en todo caso, antes de coller o coche, consultar o estado das estradas.
- Recordar que co vento o mobiliario urbano se puido desprazar e os restos de árbores e pólas que puideron caer á vía poden condicionar a circulación.
- Non empregar vehículos lixeiros, como bicicletas ou ciclomotores.
- Afastarse de edificios ruinosos, árbores, paneis publicitarios, estadas e obxectos que sexan susceptibles de desprazarse co vento.
- Retirar das fiestras, dos balcóns e dos tellados obxectos que poidan caer á rúa.
- Lembrar que o efecto de arrastre das chuvias pode provocar o desprendemento de terra e pedras.

A alcaldesa de Narón

Marián Ferreiro Díaz